

NOTA: SE VOSTEDE É UN CONSUMIDOR, PODERÍA TER CERTOS DEREITOS LEGAIS QUE NON PODEN SER MODIFICADOS POR CONTRATO. NINGUNHA PREVISIÓN DESTES TERMOS DE LICENZA PRODUCIRÁ EFECTO DE MODIFICAR ESES DEREITOS LEGAIS ATA O PUNTO DE QUE DITAS MODIFICACIÓNS ESTEAN EXPRESAMENTE PROHIBIDAS POLA LEI APLICABLE. SE UNHA TRADUCIÓN DESTES TERMOS DE LICENZA EN CALQUERA OUTRO IDIOMA FOSE REQUIRIDA POLA LEI, A VERSIÓN EN INGLÉS DESTES TERMOS DE LICENZA PREVALECERÁ SE EXISTISE ALGÚN CONFLITO OU DISCREPANCIA ENTRE A VERSIÓN EN INGLÉS E CALQUERA TRADUCIÓN DOS MESMOS. SE SE LLE FORNECEN ESTES TERMOS DE LICENZA NOUTRO IDIOMA QUE NON SEXA O INGLÉS, RIM FAINO UNICAMENTE COMO UNHA COMODIDADE PARA VOSTEDE.

ACORDO DOS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO

Research In Motion Limited ou unha das súas filiais (“RIM”) ten o pracer de poñer á súa disposición:

“Os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado” son servizos deseñados e ofrecidos por RIM para proporcionar ós clientes de RIM certas funcionalidades proporcionadas polo software do servidor propietario da BlackBerry de RIM sen que os clientes RIM teñan que adquirir dito software de servidor. Os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado inclúen o “Servizo de Internet BlackBerry” de RIM. O Servizo Internet de BlackBerry permite que os subscritores: (a) integren determinados Provedores de Servizos de Internet (ISP) ou outras contas de correo electrónico de terceiros para o envío baseado na carga no Seu Produto Portátil; (b) crean unha dirección de correo electrónico baseada nun dispositivo para o Seu Produto Portátil; e (c) teñan acceso a determinados contidos e servizos de Internet. A funcionalidade do correo electrónico do Servizo Internet de BlackBerry tamén é coñecida como “MyEmail”, “BlackBerry Internet Mail” e/ou un nome de produto específico para o Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada. Todos ou algúns dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado poderían non ser admitidos polo Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada. Por favor, comprobe a dispoñibilidade co Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada.

PROPORCIÓNANSELLE OS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO COMO “SERVICIOS” QUE FORMAN PARTE DA SÚA “SOLUCIÓN BLACKBERRY” BAIXO OS TERMOS DO ACORDO DE LICENZA DE RIM PARA SOFTWARE ESTÁNDAR DE BLACKBERRY (“BBSLA”) SEGUNDO ESTE ANEXO. ESTE ANEXO E O BBSLA FORMAN COLECTIVAMENTE O “ACORDO” PARA OS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO E O SOFTWARE QUE VOSTEDE UTILIZA EN CONXUNTO CON ESES SERVIZOS. A menos que se defina o contrario no presente, todos os termos en maiúsculas usados no presente terán os significados atribuídos a ditos termos en maiúsculas no BBSLA. O BBSLA FORNÉCESE NO SITIO WEB DOS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO DO PROVEDOR DE SERVIZO DE TEMPO DE CHAMADA XUNTO CON ESTE ANEXO. SE VOSTEDE ACABA DE ADQUIRIR O SEU DISPOSITIVO BLACKBERRY, A VERSIÓN VIXENTE DO BBSLA É O ACORDO DE SOFTWARE QUE VOSTEDE TIVO QUE ACEPTAR PARA UTILIZAR O SOFTWARE DA SÚA BLACKBERRY. SE VOSTEDE NON PUIDERA ATOPAR A VERSIÓN ACTUAL DO BBSLA POR CALQUERA MOTIVO, PODE ATOPALA EN WWW.BLACKBERRY.COM/LEGAL OU CONTACTANDO CON RIM EN LEGALINFO@RIM.COM. SE VOSTEDE TIVERA CALQUERA PREGUNTA OU INQUIETUDE SOBRE OS TERMOS DE ESTE ACORDO, CONTACTE POR FAVOR CON RIM EN LEGALINFO@RIM.COM.

Ó ACEPTAR ESTES TERMOS DE LICENZA FACENDO CLIC EN “ACEPTO” NO ESPAZO INDICADO ABAIXO, VOSTEDE INDIVIDUALMENTE, OU SI VOSTEDE ESTÁ AUTORIZADO PARA ADQUIRIR OS SERVIZOS DE USUARIO AVANZADO NO NOME DA SÚA EMPRESA OU OUTRA ORGANIZACIÓN, ENTÓN A ENTIDADE PARA CUXO BENEFICIO ACTÚA VOSTEDE, (EN CALQUERA DOS DOUS CASOS “VOSTEDE”) ACEPTA A OBRIGA DE RESPECTAR ESTE ACORDO. POR FAVOR, TEÑA EN CONTA QUE VOSTEDE DEBERÁ SER MAIOR DE IDADE SEGUNDO AS LEIS DA SÚA XURISDICIÓN PARA TOMAR PARTE NESTE ACORDO. SE VOSTEDE NON É MAIOR DE IDADE, PARA OBTEN OS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO O SEU TITOR DEBERÁ TOMAR PARTE NESTE ACORDO E AUTORIZAR O SEU USO DOS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO COMO UN “USUARIO AUTORIZADO”.

SE ANTES DE ACTIVAR OU UTILIZAR OS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO, VOSTEDE DECIDE QUE NON ESTÁ DISPOSTO A ACEPTAR OS TERMOS DESTE ACORDO, ENTÓN VOSTEDE NON TEN DEREITO A OBTEN ESTES SERVIZOS, NIN A USAR NINGÚN “SOFTWARE” EN ASOCIACIÓN CON ESTES SERVIZOS.

TERMOS ESPECÍFICOS PARA OS SERVIZOS DE BLACKBERRY PARA USUARIO AVANZADO

1. **Definición de “Servizos”.** Para evitar calquera dúbida, os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado proporcionados a continuación son Servizos que forman parte da Súa Solución BlackBerry baixo o BBSLA.
2. **Provedor de Servizo de Tempo de Chamada.** Os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado deberán ser admitidos polo Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada e Vostede deberá ter un acordo co Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada para estes Servizos. Vostede non fai pagamento algún a RIM polos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado; todos os pagamentos son feitos ó Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada para os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado. Por favor contacte co Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada se precisa axuda, xa que RIM non proporciona axuda directamente a usuarios finais.
3. **Uso Non Autorizado.** Vostede deberá notificar inmediatamente a RIM sobre calquera uso non autorizado dos Seus Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado. Así mesmo, acepta que Vostede non interromperá o funcionamento dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado, solicitará outro contrasinal de usuario final, ou actuará de xeito que interfira co uso doutros usuarios finais dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado.
4. **Restricións no Uso/Cambios nos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado.** Vostede acepta que RIM podería, sen responsabilidade para con Vostede, establecer e/ou realizar modificacións nos límites no Seu uso dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado e que podería realizar cambios nos mesmos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado, incluíndo cambios que materialmente limitan ou degraden calquera funcionalidade existente dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado. Cando sexa viable, RIM fará os esforzos razoables para fixar aviso destas limitacións e/ou modificacións a isto, no sitio web dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado ou lle proporcione doutro xeito a Vostede aviso de acordo co BBSLA. Vostede acepta estas limitacións como unha condición do Seu acceso continuado ós Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado.
5. **Produtos Portátiles Perdidos/Roubados/Transferidos.** Utilízase un número de identificación único para o Seu Produto Portátil para asociar a(s) Súa(s) dirección(s) de correo electrónico co Seu Produto Portátil e para dirixir o correo electrónico e outros datos a ese Produto Portátil. Se Vostede perdera o Seu Produto Portátil ou lle fose roubado, ou se Vostede transfire o Seu Produto Portátil a terceiros (como é permitido polo BBSLA e o Seu Acordo co Seu Provedor de Servizo de Tempo de Chamada), Vostede deberá ir ó sitio web dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado e desligarse inmediatamente da Súa(s) dirección(s) de correo electrónico dese Produto Portátil.
6. **Requirimento de copia de seguridade/borrado de Datos.** Excepto ata o punto especificamente prohibido pola lei aplicable, RIM non é responsable de calquera dato transmitido ó Seu Produto Portátil. RIM recomenda que Vostede faga copias de seguridade regulares de todos os correos electrónicos, contidos, e/ou outros datos no Seu Produto Portátil, posto que ditos datos non son almacenados por RIM. Se Vostede transfire o Seu Produto Portátil (como é permitido polo BBSLA), terá que borrar todos os datos do Seu Produto Portátil, e borrar toda a memoria expansible, ou estes datos estarán dispoñibles para a persoa que obtén ese Produto Portátil.
7. **Uso ilegal ou inapropiado.** Tal e como se detalla adicionalmente no BBSLA, Vostede non deberá utilizar os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado ou calquera outra parte da Súa Solución BlackBerry para

calquera fin ilegal ou inapropiado, incluíndo sen limitación, calquera imitación, engano, correos spam, acoso ou violación de copyright. Vostede é responsable de cumprir todas as leis e regulacións aplicables cando utilice os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado. Se os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado son utilizados dun xeito que RIM considere que viola este Acordo, RIM ou o seu axente podería, pero non está obrigado a, tomar calquera acción formal que estimen apropiada. Esta acción podería incluír, pero non está limitada a, a eliminación temporal ou permanente de contido, bloqueo ou bloqueo parcial de transmisións de Internet e a inmediata suspensión ou terminación de toda ou unha parte dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado e deste Acordo. RIM non será responsable de ningún xeito por estas accións. As accións descritas anteriormente non son remedios exclusivos de RIM, e RIM podería tomar calquera outra acción legal, equitativa ou técnica que estime axeitada.

8. “TAL CAL” e “SE ESTÁN DISPOÑIBLES” e non con Fins de Misión Crítica. A diferenza do Software da Empresa BlackBerry, os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado non encriptan transmisións de datos. Tal e como se detalla adicionalmente no BBSLA, os servizos sen fíos non son a proba de fallos e xamais deberían ser utilizados con fins de misión crítica ou para aplicacións que requiran controis a proba de fallos, e ata o punto permitido pola lei aplicable, e como se detalla adicionalmente no BBSLA, os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado fómense “TAL CAL” e “SE ESTÁN DISPOÑIBLES”. RIM non pode garantir e non garante que os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado sexan continuos, ininterrompidos, oportunos, seguros ou libres de erros. RIM resérvase o dereito do mantemento ou de suspender o acceso ós Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado para arranxar periodicamente virus de software, instalar actualizacións e realizar diagnoses e mantemento dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado, que limitarán a capacidade de RIM para proporcionar os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado durante algún período de tempo.

9. Sítios, Software, Servizos e Contido de Terceiras Partes. Vostede reconece e acepta que os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado lle permiten acceder a contidos, sitios web, software e servizos de terceiras partes, incluíndo, sen limitación, calquera servizo de correo electrónico de terceiros ós que vostede accede utilizando os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado. Tal e como se detalla adicionalmente no BBSLA, Vostede reconece e acepta que RIM non ten ningunha responsabilidade sobre o contido, sitios web, software ou servizos de terceiros ós que Vostede acceda ou adquira mediante o Seu uso dos Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado, e que Vostede é responsable de calquera contrato no que Vostede tome parte en Internet. Sempre debe ter coidado cando revele información persoal sobre Vostede ou outros a terceiras partes coas que vostede se relacione cando utilice os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado.

10. Consentimento para a Recompilación de Información Persoal. Ademais das disposicións relativas á recompilación de información persoal no BBSLA, Vostede autoriza a RIM a recompilar, utilizar e almacenar a Súa información persoal relativa a servizos de correo electrónico de terceiras partes durante o tempo como RIM estime necesario (pero non por máis tempo do que está permitido pola lei aplicable), incluíndo, sen limitación, o Seu identificador de usuario e contrasinal para cada unha da(s) Súa(s) conta(s) de servizo de correo electrónico de terceiras partes, e a revelar os mesmos ós provedores aplicables de correo electrónico terceiros con fins de activación, facturación, provisión, mantemento e desactivación.

11. Conflito. Se algún dos termos e condicións deste Anexo discrepa cos termos e condicións do BBSLA ou con calquera outro anexo ou emenda ó BBSLA, estes termos e condicións gobernarán ata o punto da inconsistencia, pero soamente no relativo ós Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado.

Examinei este Acordo incluíndo este Anexo e o BBSLA e estou preparado e autorizado para aceptar tomar parte no Acordo para os Servizos de BlackBerry para Usuario Avanzado baixo os termos e condicións establecidos neste Anexo e o BBSLA.